



ORDE CIRCULAR 1/2009

CRITERIOS DE EMPREGO DE SISTEMAS PARA PROTECCIÓN DE MOTOCICLISTAS

O 31 de xullo de 2008 entrou en vigor a Orde circular 18bis/2008 sobre criterios de emprego de sistemas para protección de motociclistas que emitiu a Dirección General de Carreteras do Ministerio de Fomento.

Nesta Orde amplíanse os supostos que indicaba a O.C. 18/2004 para cubrir unha maior lonxitude de barreira semirríxida con sistemas de protección de motociclistas.

A fin de conciliar esa nova O.C. do Ministerio de Fomento e as características da rede autonómica de estradas dependente da Xunta de Galicia, redáctase esta Orde Circular a través da cal a Dirección Xeral de Obras Públicas dispón:

PRIMEIRO: VÍAS DE ALTAS PRESTACIÓNS

Amplíanse os criterios de aplicación do apartado primeiro da O.C. 18/2004 nos seguintes termos:

A) Estradas con calzadas separadas:

- a) En estradas con calzadas separadas: no lado exterior das alineacións curvas de radio inferior a setecentos cincuenta (750) m
- b) En estradas con calzadas separadas: nas saídas desde as calzadas principais, cando o carril de deceleración sexa de tipo paralelo, na marxe esquerda do ramal de saída ó longo do desenvolvemento da alineación curva (incluíndo curvas de acordo).

B) Estradas con calzada única:

- a) En estradas con calzada única: no lado exterior das alineacións curvas de radio inferior a catrocentos cincuenta (450) m
- b) En estradas de calzada única nas saídas da calzada, cando esta se realice por medio dun carril de deceleración de tipo directo, na marxe esquerda do ramal de saída ó longo do desenvolvemento da alineación da curva (incluíndo curvas de acordo).



SEGUNDO: OUTRAS ESTRADAS

No resto de estradas interurbanas e periurbanas con limitación de velocidade permitida superior a sesenta (60) km/h, os criterios serán os seguintes, para implantar un sistema de protección de motoristas:

a) En estradas de calzada única con beiravía maior ou igual a 1,5 m donde se dean simultaneamente as seguintes condicións:

- No lado exterior das alineacións curvas de radio inferior a douscentos cincuenta (250) metros.
- No lado exterior das alineacións curvas nas que a velocidade específica sexa inferior en máis de trinta (30) km/h á da alineación inmediatamente anterior.

b) En estradas de calzada única con beiravía menor de 1,5 m donde se dean simultaneamente as seguintes condicións:

- No lado exterior das alineacións curvas de radio inferior a douscentos (200) metros.
- No lado exterior das alineacións curvas nas que a velocidade específica sexa inferior en máis de trinta (30) km/h á da alineación inmediatamente anterior.

TERCEIRO: O catálogo a utilizar será o anexo que acompaña a Orde circular 18bis/2008 do Ministerio de Fomento, sendo preferible a utilización de SPM con nivel de severidade I aínda que poidera xustificarse a utilización de nivel II se houbera algunha razón técnica que desaconsellara o nivel I.

CUARTO: A orde de prioridade de instalación farase seguindo a seguinte orde: Rede de altas prestacións, Rede de articulación principal territorial, Rede de articulación territorial complementaria e, á súa vez, seguindo unha orde de prioridade en función da IMD de cada estrada. Admítase, como excepción nesta orde de prelación, a instalación de SPM en estradas que, a pesares de que a súa xeometría e a súa IMD non estea nas prioritarias, sexan utilizadas frecuentemente por motociclistas.

QUINTO: Dada a gran lonxitude de barreiras que teñen poste IPN e que o SPM elimina os perigos que se deriven deste tipo de poste, estes sistemas poderán adaptarse aos IPN mediante os adaptadores necesarios que aseguren un bo funcionamento do conxunto.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
POLÍTICA TERRITORIAL
OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES
Dirección Xeral de Obras Públicas

SEXTO: O resto de consideracións que non contradigan o aquí exposto collerase da OC 18bis/2008 do Ministerio de Fomento.

SÉTIMO: Definir como ámbito de aplicación desta Orde circular os proxectos de estradas de nova construción, ou de acondicionamento das existentes, cuxa Orde de estudio se autorice con posterioridade, ou que se atopen en fase de redacción á entrada en vigor da presente Orde circular.

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2009

O director xeral de Obras Públicas

The image shows a circular official stamp of the Xunta de Galicia, specifically the Dirección Xeral de Obras Públicas. The stamp contains the text 'XUNTA DE GALICIA' at the top, 'DIRECCIÓN XERAL DE OBRAS PÚBLICAS' on the left, and 'CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES' on the right. A handwritten signature in black ink is written over the stamp.

Manuel Morato Miguel